

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito de D^a Lucia Espinosa Borrego, de data 28 de xaneiro de 2009, solicitando que por parte do Concello de Silleda se inste á Xunta de Galicia para declaración de Espacio Natural de Interés Social o bosque do pazo de Cascaxide, do cal é a única nudopropietaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda levar ó pleno da corporación a solicitude e trasladar o escrito á Consellería de Medio Ambiente para que se inicie a protección cautelar do predio mentres dure o proceso.

1.2.- Escrito do Departamento de Infraestructuras da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 700 de data 11 de febreiro de 2009, remitindo resolución de data 04 de febreiro de 2009 sobre danos ocasionados no vial provincial 6515 Senra-Escuadro, a altura do P.K. 0+350 por parte da empresa Maderas Lata S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado da resolución á Policía Local para que levante o oportuno atestado que acredite o estado actual da estrada, e que se remita o mesmo ó Departamento de Infraestructuras da Deputación Provincial de Pontevedra.

1.3.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 713, de data 11 de febreiro 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de decembro de 2008 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Taboada Tábor Gloria	Rúa Alfonso Trabazo, 8-2D (Silleda)
Miranda Liñares Francisco	Rúa D, 8-4E (Silleda)
Carrocería Silleda S.L.	Polig. Ind. Área-33, Parc. 43-Nave B
Nercellas Torres Miguel Antonio	Rúa Santa Eulalia, 9-3C (Silleda)
Otero Luis María José	Rúa Santa Eulalia, 9-2C (Silleda)
Mato Cerdeira Rafael	Rúa Santa Eulalia, 9-3D (Silleda)
Picans Cendon Alfonso	Rúa Santa Eulalia, 9-2A (Silleda)
Fidalgo Colmeiro María Teresa	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4H (Silleda)
Iglesias Fernández Héctor	Rúa Santa Eulalia, 7-3A (Silleda)
Presas Ferradas Luis	Rúa Alfonso Trabazo, 22-3 (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.4.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 712, de data 11 de febreiro 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de xaneiro de 2009 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Mosteiro García Alfonso	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3C (Silleda)
Const. Pereiro y Campos S.L.	Polig. Ind. Área-33, Parc. 1y3-Bloque 4
Const. Pereiro y Campos S.L.	Polig. Ind. Área-33, Parc. 3-Bloque 3
Vázquez Canda María Luz	Rúa Progreso, 56-3B (Silleda)
González Novoa Rosalía	Rúa Camilo José Cela, 1-4C (Bandeira)
Obras Técnicas de Galicia S.L.	Rúa Camilo José Cela, 1-4A (Bandeira)
Obras Técnicas de Galicia S.L.	Rúa Camilo José Cela, 1-2D (Bandeira)
Gómez Villar José Manuel	Rúa Camilo José Cela, 1-2B (Bandeira)
Morales Millan Ludwing	Rúa Da Estación, 22-Portal 2-4D (Silleda)
Morales Ocampo Vanesa Andrea	Rúa Da Estación, 22-Portal 2-3D (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.5.- Escrito de D^a Yolanda Rivas Carballo, Rexistro de Entrada nº 342 de data 23 de xaneiro de 2009, solicitando dous contenedores de lixo para a empresa Cometal Inpesa, S.L., nas instalacións novas da 2^a ampliación do Polígono Industrial Área-33, parcela 2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó ORAL a alta no Padrón de Lixo desta empresa e a colocación dos mencionados contenedores.

1.6.- Escrito de D^a Begoña M^a Morenza Lorenzo, Rexistro de Entrada nº 341 de data 23 de xaneiro de 2009, solicitando un contenedor de lixo para a empresa Cometal, na nave sita na parroquia de Laro, nº 2 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó ORAL a alta no Padrón de Lixo desta empresa e a colocación do mencionado contenedor.

1.7.- Escrito de D^a Silvia Pereiro Frago, Técnica de Inclusión do II Plan Galego de Inclusión Social, Rexistro de Entrada nº 661, de data 09 de febreiro de 2009, solicitando do Concello a cesión do espazo que se atope disponible, un día a semana, para a realización de entrevistas de atención individualizada por parte da Técnica responsable e sempre dentro do sistema de derivación establecido en conversas levadas a cabo cos profesionais de Atención Primaria; mais concretamente coa Traballadora Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada do escrito e informar á solicitante de que se lles cede durante o prazo solicitado un despacho nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, sito na rúa Alfonso Trabazo, nº 3-1º de Silleda.

1.8.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 693, de data 11 de febreiro de 2009, remitindo denuncia do Seprona Lalín (Nº de expte. MA961A 2009/000031-4) contra D^a M^a Carmen García Méndez por queima de residuos urbanos en Bandeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado da denuncia a D^a M^a Carmen García Méndez para que alegue o que estime oportuno.

1.9.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 699, de data 11 de febreiro de 2009, remitindo denuncia presentada por D^o José Núñez Fondevila contra D^o Venancio Criado Villamayor por incumplimento da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que por parte da Policía Local se emita informe sobre esta situación.

1.10.- Escrito de Xestur - Consellería da Vivenda e Solo, Rexistro de Entrada nº 297, de data 22 de xaneiro de 2009, presentado alegación contra o artigo 10.6 da aprobación inicial dos Estatutos polos que se rexirá a Entidade de Conservación do Polígono Industrial Área 33 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a alegación presentada modificando o artigo 10.6 que quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 10.- Obrigas

6.- Reparar ao seu cargo e pola súa conta aqueles desperfectos ou alteracións que directa ou indirectamente producísense pola súa causa nas zonas de uso común. Quedarán exentos de contribuir a esta obriga os propietarios de parcelas nas que non exista ningún tipo de instalación empresarial construída sobre a parcela da súa propiedade.”

Asimesmo acordan publicar esta modificación nos Boletíns Oficiais correspondentes.

2º.- SUBVENCIONS.-

2.1.- Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincial (FEGAMP), Rexistro de Entrada nº 704, de data 11 de febreiro de 2009, notificando que a cantidade a ingresar para financiar o grupo estable do GRUMIR, para o período subvencionado do ano 2008, ascende a 33.142,80 €, correspondendo 24.489,80 € a Consellería de Medio Rural e 8.653,00 € a Consellería de Presidencia. Esta cantidade corresponde á liquidación do ano 2008 en relación ás cantidades xustificadas polo Concello, as datas de inicio de actividade e conforme a cantidade inicialmente comprometida.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 673, de data 09 de febreiro de 2009, remitindo resolución na que se presta aprobación á certificación núm. dous da obra “Captación e Condución de Augas para uso doméstico en Siador”, incluída no Programa de Saneamento e Abastecemento de Augas en Pequenos Núcleos Rurais 2006-08, anualidade 2006, nº 101/1210, así como declara o abono a favor do Concello de Silleda da cantidade de 17.999,64 €.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.3.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 674, de data 09 de febreiro de 2009, remitindo resolución na que se presta aprobación á certificación núm. dous da obra “Captación e Condución de Augas para uso doméstico en Siador”, incluída no Programa de Saneamento e Abastecemento de Augas en Pequenos Núcleos Rurais 2006-08, anualidade 2007, nº 104/1210, así como declara o abono a favor do Concello de Silleda da cantidade de 17.999,46 €.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

Visto o Proxecto de Obras, elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Dº Luis Angel Fernández Fernández, con un importe que ascende a 143.397,25 €, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2.009 e que será financiado con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro.

Visto que o prezo do contrato ascendería á cantidade de 123.618,32 euros e 19.778,93 euros de IVE.

Dada a característica da obra parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 161.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que polo Interventor se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, se faga a retención de crédito, e acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato e o proceso de adxudicación.

3.2.- “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas “Mejora de los

camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansem,il, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

Visto o Proxecto de Obras, elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Dº Luis Angel Fernández Fernández, con un importe que ascende a 224.802,73 €, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2.009 e que será financiado con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro.

Visto que o prezo do contrato ascendería á cantidade de 193.795,46 euros e 31.007,27 euros de IVE.

Dada a característica da obra parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansem,il, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 161.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que polo Interventor se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, se faga a retención de crédito, e acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato e o proceso de adxudicación.

3.3.- “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”

Visto o Proxecto de Obras, elaborado polo Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada, con un importe que ascende a 119.990,50 €, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2.009 e que será financiado con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro.

Visto que o prezo do contrato ascendería á cantidade de 103.440,09 euros e 16.550,41

euros de IVE.

Dada a característica da obra parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 161.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que polo Interventor se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, se faga a retención de crédito, e acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato e o proceso de adxudicación.

3.4.- “Acondicionamiento de aceras de la parroquia de Lamela”.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23 de xaneiro de 2009 acordouse aprobar o proxecto denominado “Acondicionamiento de aceras de la parroquia de Lamela” cun importe que ascende a 39.942,97 euros.

Visto que presentouse solicitude a través da aplicación informática disponible na dirección electrónica do Ministerio de Administracións Públicas acompañando á mesma os documentos esixidos no Real Decreto- Lei 9/2008, de 28 de novembro en concordancia coa Resolución de 9 de decembro de 2008.

Dictada en data 11 de febreiro de 2009 Resolución polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial autorizadora da financiación do proxecto.

Visto que con data 12 de febreiro de 2009, emitíuse informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitíuse informe sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, ós efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que emitíuse Informe-Propuesta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMERO. Levar a cabo as obras relativas a “Acondicionamiento de aceras de la parroquia de Lamela” mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Fernando Pena Caramés por un importe de 34.433,59 euros e 5.509,38 euros de IVA, nomeando como Director Facultativo das Obras ó Arquitecto Técnico redactor do proxecto Dº Luis Llorente Taboada.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á financiación atribuída polo Fondo Estatal de Inversión Local.

TERCEIRO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago si procede.

CUARTO. Notificar a resolución ó adxudicatario no prazo de dez días.

QUINTO. Presentar por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, un certificado da Secretaría do Concello coa conformidade da Alcaldesa, no que consten os datos da adxudicación, data en que ésta se produxo, identidade da empresa adxudicataria, importe polo que se adxudica o contrato, número de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria e a acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.5.- “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda”.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23 de xaneiro de 2009 acordouse aprobar o proxecto denominado “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” cun importe que ascende a 44.749,20 euros.

Visto que presentouse solicitude a través da aplicación informática dispoñible na dirección electrónica do Ministerio de Administracións Públicas acompañando á mesma os documentos esixidos no Real Decreto- Lei 9/2008, de 28 de novembro en concordancia coa Resolución de 9 de decembro de 2008.

Dictada en data 11 de febreiro de 2009 Resolución polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial autorizadora da financiación do proxecto.

Visto que con data 12 de febreiro de 2009, emitíuse informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitíuse informe sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, ós efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que emitíuse Informe-Propuesta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o

procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMERO. Levar a cabo as obras relativas a “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Construcciones Pereiro y Campos S.L. por un importe de 38.576,90 euros e 6.172,30 euros de IVA, nomeando como Director Facultativo das Obras ó Arquitecto Técnico redactor do proxecto Dº Luis Llorente Taboada.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á financiación atribuída polo Fondo Estatal de Inversión Local.

TERCEIRO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago si procede.

CUARTO. Notificar a resolución ó adxudicatario no prazo de dez días.

QUINTO. Presentar por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, un certificado da Secretaría do Concello coa conformidade da Alcaldesa, no que consten os datos da adxudicación, data en que ésta se produxo, identidade da empresa adxudicataria, importe polo que se adxudica o contrato, número de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria e a acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.6.- Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo dos seguros de accidentes, inmuebles, vehículos e responsabilidade civil do Concello de Silleda.

Visto que o prezo do contrato non deberá ascender da cantidade de 20.000 €.

Dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Que polo Interventor emítase informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO. Que por Secretaría emítase informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,